

BASES DA CONVOCATORIA PARA A CESIÓN DE DÚAS CANASTRAS PROPIEDADE DA

FEDERACIÓN GALEGA DE BALONCESTO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I.- De acordo co establecido no artigo 5º dos Estatutos, entre as competencias da FGB está a de promover o desenvolvemento da práctica do baloncesto.

II.- Para conseguir este obxectivo a FGB poderá ceder material deportivo para o seu uso a Clubs, Asociacións, agrupacións e a totalidade de entidades adicadas á práctica do baloncesto no territorio galego.

III.- A FGB dispón de dúas canastras modelo Spalding 411790 Street Tournament portable backstop coas características técnicas que se especifican no Obxecto desta convocatoria.

ESTIPULACIÓNS

Primeira. OBXETO

O obxecto desta convocatoria é a cesión de dúas canastras oficiais modelo Spalding coas seguintes características técnicas:

- 138 x 97 cm (54" x 38") acrylic backboard with durable steel framework.
- Backboard is made of 1 cm (3/8") acrylic sheet for superior rebound.
- Extension arm provides 91 cm (3') of offset at 3,05 m (10') goal height.
- Fitted with a flexible basketball rim.
- Adjustable goal height: 2,44 m (8'); 2,60 m, 2,74 m (9'); 3,05 m (10').
- Backboard folds down for storage or transport.
- Black base padding included.
- Additional ballast weight of 227 kg (500 lbs.) required – not included (barrel to fill with ballast please order separately).
- Storage dimensions: L 298 x H 90 x W 138 cm (L 116¾" x H 35" x W 54").

Segunda. BENEFICIARIOS

Poderán ser beneficiarios desta convocatoria os Clubs que participe durante a tempada 2024-2025 nalgunha das ligas organizadas pola FGB. Entidades activas na tempada 2024-2025.

Terceira. REQUISITOS

- 3.1. O beneficiario desta convocatoria deberá facerse cargo do traslado das canastras dende o Pavillón Manuel Coto Ferreiro en A Estrada (localidade onde están almacenadas as dúas canastras) ata o seu emprazamento final.
- 3.2. O beneficiario deberá participar durante as tempadas da duración do convenio que se asinará nalgunha das ligas federadas organizadas pola FGB.
- 3.3. Acreditar a titularidade da instalación e presentar os permisos pertinentes por parte do titular para a instalación das canastras.
- 3.4. Salvagarda do material cedido sen facer mal uso del, e poder devolvelo sen deterioros.

Cuarta. DURACIÓN

- 4.1. A cesión terá unha duración de catro temporadas a computar dende a data da sinatura do convenio entre as partes..
- 4.2. No obstante, o acordo poderá resolverse en todo momento por ambas as dúas partes, por causa de incumprimento grave, previa denuncia comunicada por escrito cun mes de antelación.

Quinta. OBRIGA DAS PARTES

- 5.1. A FGB obrígase a poñer a disposición do club beneficiario as canastras especificadas nesta convocatoria.
- 5.2. O Club beneficiario obrígase ao traslado das canastras dende o pavillón de A Estrada ata o emprazamento indicado na súa solicitude.
- 5.3. O Club beneficiario asume a responsabilidade única e exclusiva de calquera incidente que se poida ocasionar coma consecuencia do mal uso do material cedido.
- 5.4. O CLUB beneficiario obrígase a devolver o material facilitado pola FGB no mesmo estado no que lle foi entregado, sen deterioros de ningún tipo.

Unha vez montadas as canastras documentarase este feito vía fotografías ou vídeo para certificar o perfecto estado do material concedido.

- 5.5. O Club beneficiario comprométese a facer un bo uso dos bens cedidos conforme a súa natureza e para o uso que están destinados, mantendo ese material en bo estado durante o período de custodia, e devolvéndoo nas mesmas condicións.

No caso de sufrir algún deterioro nas canastras durante a cesión das mesmas, o CLUB farase cargo dos gastos que a súa reparación implique ou, no seu defecto, a reposición dun novo elemento para o suposto de que non sexa posible a reparación.

5.6. O CLUB deberá remitir SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL do lugar onde se instalen as canastras.

5.7. O CLUB está obrigado a que nas canastras sexa visible o logotipo da Federación de Galega de Baloncesto.

Sexta. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

6.1. O Presidente resolverá o club beneficiario desta convocatoria en base a valoración feita por unha comisión que estará composta polos membros do Comité de actividades e que se dirimirá en base aos seguintes criterios:

- Ter algún equipo inscrito nas Ligas de 1º División 2024 - 2025 organizadas pola FGB: 5 puntos.
- Ter participado na Fase Final das Ligas de 1º División 2023 - 2024 organizadas pola FGB: 5 puntos.
- Ter algún equipo participante nalgunha das Ligas 2024 – 2025 organizadas polas Delegación zonais: 5 puntos.
- Ter algún xogador/a ou adestrador/a participante nos campionatos de España de FFAA con algunha Selección Galega na tempada 2023-2024: 5 puntos
- Ter participado con algún equipo do seu club nalgún campionato de España de clubs na tempada 2023-2024: 5 puntos.
- Ter organizado algún evento da FGB na tempada 2023-2024 que contase con árbitros CGAB: 5 puntos
- Nº de licenzas de xogadores/as na tempada 2024-2025: Máximo 10 puntos. Ao Club con maior número de licencias asignaráselle o máximo de 10 puntos, e ao resto asignaráselle os puntos de xeito proporcional.

Sétima.- DOCUMENTACIÓN.

7.1. As proposicións, xunto coa documentación acreditativa dos criterios de adxudicación a valorar que se considere pertinente, presentaranse dentro do prazo sinalado no anuncio que se enviará aos clubs e que se publicará na páxina web da FGB.

Oitava.- TRATAMENTO DOS DATOS DE CARÁTER PERSOAL.

O beneficiario está obrigado ao cumprimento íntegro da normativa de protección de datos, en particular de todas as previsións que sexan aplicables do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento e do Consello de 27 de abril 2017 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos (RGPD), da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPGDD) e demais normativa complementaria.

Novena.- XURISDICCIÓN.

Para dirimir as cuestións ou diferencias dimanantes do cumprimento do presente acordo, as partes se someten expresamente á Xurisdición dos Xulgados e Tribunais de Santiago de Compostela, con renuncia expresa a calquera outro foro que puidera corresponderlles.

En Santiago de Compostela a 8 de novembro de 2024